

ANUNCIO RESOLUCIÓN RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PROCESO SELECCIÓN 3 POSTOS DE PEÓNS OBRAS PÚBLICAS, NOMEAMENTO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIA PROBA.

Por resolución da Alcaldía do día 26 de febreiro de 2020, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa ao proceso de selección de persoal laboral temporal, 3 Peóns Obras Públicas do Concello de Paradela, a designación de membros do tribunal e data de constitución do mesmo, así como o lugar e hora de realización do proceso de selección.

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Resultando que por esta Alcaldía aprobouse provisionalmente a lista de aspirantes admitidos e excluídos para tomar parte no proceso de selección de persoal laboral temporal, 3 peóns obras públicas, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019-Programa Fomento do Emprego, mediante resolución da Alcaldía de data 19 de febreiro de 2020. Publicándose anuncio no taboleiro de anuncios deste Concello de Pardela e na páxina web www.paradela.es, en data 19 de febreiro de 2020, sinalándose un prazo de 3 días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, non presentándose alegacións nin reclamacións durante o prazo mencionado.

Considerando que na cláusula sexta das bases que rexen a presente convocatoria, establecece literalmente o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 1 mes, declarando aprobada a lista provisoria de admitida/os e excluída/os, con especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web www.paradela.es, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do tribunal cualificador.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando



da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, a/os interesada/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidata/os que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación. “

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente ,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva la lista de admitidos e excluídos.

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDA/OS:

José López López
Fernando González López
Javier Piñeiro Fernández
Diego López López
Fabian López Pereira
José Antonio Díaz Arias
Antonio Pérez Rigueiro
Iago Goyanes Rey

EXCLUÍDA/OS:

Jorge Suárez López.

Causas: incumprimento do requisito da cláusula cuarta, apartado g).

SEGUNDO: Convocar aos aspirantes admitidos para o próximo día 5 de marzo de 2020, ás 09:30 horas, para a realización da fase de oposición, na Casa do Concello de Paradela. Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15 27611 Paradela (Lugo). Trala fase de oposición, na mesma xornada e segundo o establecido nas bases que rexen o proceso de selección, procederase o acto de valoración de méritos da fase de concurso.

TERCEIRO: Segundo o establecido na cláusula sétima das bases que regulan este proceso de selección, procedese a nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo que nos ocupa, que estará composto por:

— Presidente: D. José Luis Vázquez Méndez, Empregado público do Concello de Portomarín-Guntín(Lugo).

— Suplente: José Angel Balseiro Anido, Empregado público do Concello de Rábade (Lugo).

— 1º Vogal: D. Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D. Antonio Lorenzo Morandeira, Empregado público do Concello de Begonte (Lugo).

— 2º Vogal: D. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada pública do Concello de Láncara (Lugo).

— Suplente: D.^a Elisa Muñoz Álvarez, Empregada pública do Concello de Baralla (Lugo).

— 3º Vogal: D.^a M.^a Isabel López Fernández, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).



— Suplente: D. Julio González Casanova, Empregado público do Concello de Friol (Lugo).

— Secretario: D. José López González, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D. Ana Sampedro Millares, Empregada pública do Concello de Castroverde (Lugo).

Establecéndose a data da súa constitución para o día 28 de febreiro de 2020.

CUARTO: Publicar edicto co contido da presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es

QUINTO: Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno, na primeira sesión que celebren.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

O Alcalde,
Asdo: José Manuel Mato Díaz

O Secretario-Interventor
Asdo: José López González

Documento asinado ao marxe electronicamente.”

Isto faise público de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección de 3 postos de peóns obras públicas ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos Concellos 2019-Programa Fomento do Emprego.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, ante o alcalde do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.

O alcalde,

Documento asinado ao marxe electronicamente

